

RESOLUCIÓN REITORAL DO 01 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA O ANO 2020 PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DOCENTES QUE PROMOVAN A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade e segundo o establecido na Resolución Reitoral do 06 de febreiro de 2020, pola que se procede á convocatoria para o ano 2020 de axudas para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero na Universidade de Vigo.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. CONCEDER as seguintes axudas aos programas sinalados:

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PUNTUACIÓN	AXUDA SOLICITADA	AXUDA CONCEDIDA
Igualdade de Xénero e Fiscalidade. Perspectiva de xénero no IRPF	75	1.961,00 €	1.400,00 €
As escritoras olvidadas da literatura española dos séculos XVIII e XIX e ferramentas electrónicas para a investigación e estudo en literatura escrita por mulleres: a plataforma BIESES	76	650,00 €	400,00 €
III xornada Olladas a Antigüidade. Mulleres con nome propio	75,6	1.900,00 €	1.400,00 €
Verdadeira corresponsabilidade? Os dereitos de conciliación da vida laboral e familiar despois da reforma de 2019	76,3	2.000,00 €	1.500,00 €

II Conferencia "Control de Xestión dende unha perspectiva de xénero	65	1.350,00 €	750,00 €
A Reforma da Constitución Española desde a perspectiva de xénero	72,3	2.500 €	2.000,00 €
O vídeo como recurso didáctico en cuestión de xénero. Unha aproximación dende as artes visuais.	66,6	1.110,00 €	550,00 €
Identidades Creativas: Sen Moldes IV. Comentarios fotográficos sobre os xéneros.	77,6	1.600,00 €	1.000,00 €
O sesgo de xénero na Escola da Enxeñaría de Minas e Enerxía: unha oportunidade de cambio.	70	1.540,00 €	1.000,00 €
TOTAL		14.611 euros	10.000 euros

2. DENEGAR as seguintes solicitudes

-“Igualdade de xénero na axenda 2030”, porque a mesma solicitude presentouse as axudas para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios na Universidade de Vigo e non poden ter dúas financiación da UVigo para a mesma actividade

-“Indagando nas capas da vida cotiá das mulleres”, porque as persoas solicitantes non posúen vinculación permanente coa UVigo.

Debido a actual situación de pandemia mundial, as novas recomendacións sobre a organización de cursos e actividades indican que:

“as unidades responsables da organización de cursos e actividades formativas desenvolverán, con carácter prioritario, a súa actividade mediante medios telemáticos, coa finalidade de minimizar os posibles riscos para a saúde, respectando en todo caso os termos que determinen as autoridades sanitarias.”

Por todo elo, instase as persoas responsables de cada actividade aprobada que non contemplan os gastos de viaxe e estancia, ao ter que adaptar a actividade ao medio telemático.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 01 de Xuño de 2020

O REITOR

Manuel Joaquín Reigosa Roger